



Guía Docente				
Datos Identificativos				2013/14
Asignatura (*)	Literatura Galega e Estudos Socioculturais		Código	613G02032
Titulación	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	4.5
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	Fernandez Perez-Sanjulian, Carme	Correo electrónico	carne.fernandez.perez-sanjulian@udc.es	
Profesorado		Correo electrónico		
Web				
Descrición xeral	Estudo da literatura galega desde a perspectiva dos estudos de xénero, sistémicos, identitarios, emerxentes etc.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A4	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A21	Dominar a gramática da lingua galega.
A23	Coñecer a situación sociolingüística da lingua galega.
A27	Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua galega.
A29	Ter coñecementos de terminoloxía e neoloxía.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/a e profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe	
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación



1. Recoñecer as características específicas da situación sociolingüística e da lexislación básica que atinxe á lingua galega.	A2	B1	C1
2. Coñecer a evolución da lexislación lingüística cara ao galego.	A4	B3	C3
3. Contextualizar os textos xerados a respecto desta cuestión.	A9	B5	C4
4. Avaliar o impacto e os resultados da lexislación sobre a situación sociolingüística do galego e sobre o proceso de institucionalización do idioma.	A11	B6	C6
5. Coñecer a problemática da linguaxe administrativa.	A21	B7	C7
	A23	B8	C8
	A27	B9	
	A29	B10	

Contidos	
Temas	Subtemas
1.- Literatura e ideoloxía	<p>1.1. Literatura e sociedade: aproximación ao estudo dos temas, métodos e problemas da crítica sociolóxica.</p> <p>1.2. Orixe e desenvolvemento histórico dos estudos culturais</p> <p>1.2.1 Poder, discurso e representación: formas de produción e de difusión de significados nas sociedades actuais.</p> <p>1.3. Outras teorías de base sociolóxica: teoría dos campos sociais e teorías sistémicas.</p> <p>1.4. Aproximación a textos literarios galegos desde una perspectiva sociolóxica e/ou cultural.</p>
2.- Literatura e estudos de xénero	<p>3.1. O concepto de xénero e as achegas metodolóxicas dos estudos feministas.</p> <p>3.2. Debates contemporáneos: feminismo-feminismos. Xéneros e identidades. Teoría queer.</p> <p>3.3. Xénero e canon na literatura galega. Tratamento crítico dos discursos das mulleres.</p> <p>3.4. Autoras e poéticas. Liñas temáticas.</p> <p>3.5. Aproximación a textos literarios galegos desde a perspectiva de xénero</p>
3.- Literatura e identidade nacional	<p>3.1.- A configuración literaria da nación</p> <p>3.1.1. O repertorio temático identitario.</p> <p>3.1.2. A construción da imaxe do "outro"</p> <p>3.2. Aproximación ao estudo dos temas, métodos e problemas da crítica poscolonial.</p> <p>3.2.1. Política e globalización cultural.</p> <p>3.2.2. Dinámicas de hibridación, asimilación e resistencia. As voces subalternas.</p> <p>3.3. Aproximación a textos literarios galegos desde a perspectiva identitaria</p>

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	1	8	9
Análise de fontes documentais	10	30	40
Lecturas	6	24	30
Discusión dirixida	9	0	9
Actividades iniciais	0.5	0	0.5
Sesión maxistral	9	13.5	22.5
Atención personalizada	1.5	0	1.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados	<p>Ao longo do curso, e sempre baixo a guía e supervisión da docente, o alumnado terá que elaborar varios exercicios escritos a partir das lecturas obrigatorias e dos contidos desenvolvidos na aula.</p> <p>Cada estudante terá que realizar un traballo final obrigatorio sobre algún aspecto relacionado co temario, que terá o formato dun breve ensaio e cuxo tema e cuxa orientación requirirá o visto e praxe da persoa docente en sesións de seguimento.</p> <p>Haberá igualmente unha valoración conxunta final.</p>
Análise de fontes documentais	Como actividade derivada das sesións maxistras, o alumnado terá que analizar textos (teóricos ou de creación) ou outro tipo de materiais (filmes, hipertextos, etc) . Isto implicará un traballo previo que requirirá un esforzo na actividade non presencial.
Lecturas	Será preciso realizar para cada sesión e nos prazos determinados unha serie de lecturas básicas, así como as necesarias para a realización dos traballos.
Discusión dirixida	Ao longo de varias das sesións do curso, desenvolveranse discusións, moderadas pola profesora, sobre algún dos aspectos do temario. Para poder participar axeitadamente, será imprescindible ter realizado as lecturas previas definidas para cada sesión.
Actividades iniciais	Toma de contacto para coñecer o nivel de coñecementos, intereses, motivacións, etc.
Sesión maxistral	Nas sesións docentes presentaranse os contidos teóricos da materia en combinación con preguntas dirixidas aos estudantes e propostas de exercicios prácticos. Para cada sesión, o alumnado terá que facer unha serie de lecturas obrigatorias que serán comentadas posteriormente na aula.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	<p>Através destas metodoloxías avaliarase a evolución individual de cada alumno ou alumna, de maneira que en calquera momento se podan activar mecanismos compensatorios ou de consolidación de coñecementos ou destrezas.</p> <p>Á beira do labor de titorización realizado no horario de atendimento marcado pola profesora responsábel da materia, a atención personalizada estará dirixida fundamentalmente para o apoio á realización dos traballos tutelados.</p> <p>De maneira xeral, cada estudante asistirá, polo menos, a unha sesión de atendimento previa á entrega do traballo final.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Análise de fontes documentais	O alumnado terá que analizar na clase textos (teóricos ou literarios) ou outro tipo de materiais (filmes, hipertextos, etc). Isto implicará un traballo previo que requirirá un esforzo na actividade non presencial.	20
Sesión maxistral	Avaliarase a asistencia, participación e actitude do alumnado nas aulas teóricas.	10
Traballos tutelados	<p>Ao longo do curso, e sempre baixo a guía e supervisión da docente, o alumnado terá que elaborar varios exercicios escritos a partir das lecturas obrigatorias e dos contidos desenvolvidos na aula.</p> <p>O traballo final obrigatorio consistirá na elaboración dun comentario persoal e orixinal sobre un aspecto relacionado cun punto do programa.</p> <p>Valorarase fundamentalmente a profundidade e o rigor da pesquisa, a clareza expositiva e a calidade expresiva. Este traballo deberá ser entregado na semana seguinte ao remate das aulas.</p>	50
Discusión dirixida	Avaliarase a participación activa nas sesións prácticas dedicadas á posta en común de cuestións e problemas previamente plantexados pola profesora. Para poder participar axeitadamente, será imprescindible ter realizado as lecturas previas definidas para cada sesión.	20

Observacións avaliación



Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos no conxunto de actividades que compoñen a avaliación.

O alumnado terá que entregar os traballos e actividades no prazo fixado. Asemade, todas as actividades deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal...). As deficiencias lingüístico-expositivas poderán ser penalizadas na cualificación.

Para a segunda oportunidade do mes de xullo, aquel alumnado que non superase a materia con anterioridade, terá que entregar, na data marcada para o exame, os exercicios escritos que non fosen avaliados positivamente e o traballo tutelado, caso de o reprobar con anterioridade. O resto da cualificación (un 50%) basearase nunha proba obxectiva sobre o programa da materia e as lecturas obrigatorias que conterán unha parte teórica e u caso práctico.

Os/as alumnos/as que teñan matrícula a tempo parcial e/ou dispensa académica deberán realizar os mesmos traballos e probas que os estudantes con matrícula ordinaria. A presentación oral do traballo realizarase nunha sesión de tutoría persoal. A data e hora de realización destas sesións poderán ser concertadas a través do correo electrónico.

Fontes de información

Bibliografía básica

- Cochón Otero, I. / Rábade Paredes, Mª do C. (2004). 'A crítica no campo literario. Teorías literarias e identidades emerxentes?', en Casas, A. (coord.): Elementos de crítica literaria: 161- 204. Vigo: Xerais
- Salinas Portugal, Francisco (2006). 'A literatura galega e os contornos da identidade?' en Tavares Maleval, Mª A. / Salinas Portugal, F. (org.): Estudos Galego-Brasileiros 2: 349-365. A Coruña: Servizo de publicacións da Universidade da Coruña
- Rodríguez Sánchez, Francisco (1993). 'Opresión e violencia na realidade colonial: papel crucial de A Esmorga (1959)?', en Eduardo Blanco-Amor. O desacougo da nación negada: 129-144. Vilaboa-Pontevedra: Ed. do Cumio
- Rodríguez Sánchez, Francisco (1988). 'Método e obxectivos' en Análise sociolóxica da obra de Rosalía de Castro, 15-28. Vigo: AS-PG
- Figueroa, Antón (2001). 'Nación, Literatura, autonomía' en Nación, Literatura, Identidade. Comunicación literaria e campos sociais en Galicia. Vigo: Xerais
- Blanco, Carmen (2006). 'O adeus a Capliso na odisea oteriana Arredor de si' e 'Pimpinela, o amor e o poder'. Vigo: Xerais
- Blanco, Carmen (1998). Blanco, C. 'Parodia e destrución xenérica en A Esmorga de Blanco Amor?', en Kremer, D. (ed.): Homenaxe a Ramón Lorenzo, I: 333-343 . Vigo: Galaxia
- Castro, O. /Reimóndez, M. (2013). Feminismos. Vigo: Xerais
- González Fernández, Helena (2005). 'Literatura galega de mulleres: unha visión sistémica?' en Elas e o paraugas totalizador: 39-81. Vigo: Xerais
- Moure, Teresa (2012). 'Literatura galega, literatura queer?', en Queer-emos un mundo novo. Sobre cápsulas, xéneros e falsas clasificacións. Vigo: Galaxia
- Cabo Aseguinolaza, Fernando / Rábade Paredes, Mª do Cebreiro (2006). 'Objetivismo y antiobjetivismo: la crisis de la literariedad?', en Manual de Teoría de la Literatura: 89-105. Madrid: Castalia

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario



Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías